

Faro *da* Cultura

Sexa de cor ou simplemente branco –ás veces as circunstancias obrigan á prudencia–, o humor foi unha ferramenta para a defensa dos febles. Aínda que estes fosen creados como arquetipo pero sempre fronte ao establecido e ao discurso dos dominadores.

Galiza non é un país estraño para a burla e mais a sátira: velaí as cantigas medievais de escarnio e maldicir, brutais e esaxeradas as máis das ocasións, circunstancia non sempre entendida polos críticos, moitas veces escandalizados polos arroutos grosos que os cancioneiros conservaron. Unha tradición, baseada na retranca e na ironía, común a labregos e mariñeiros, que a cultivaban como vía de escape fronte á dureza do cotián.

Xa adiantado o século XX, a importante poboación emigrante galega na América demandaba producións discográficas chegadas desde Galiza e ben axiña as discográficas foron conscientes daquel importante mercado. E así, actores como José Rodríguez de Vicente, “Joselín” (Vigo, 1895-Buenos Aires, 1958), tiveron unha extensión na súa profesión verbo dos estritos límites das actuacións en vivo. Non hai dúbida que o rexistro de discos para a súa venda no exterior viña condicionado polo público comprador e oidor: para este, non había máis Galiza cá labrega e (menos) mariñeira, moitas veces mesturadas.

E ese foi o arquetipo que creou “Joselín”, cuxas gravacións sonoras foron recollidas hai un tempo nun libro-CD, *Os contos de Joselín*, da autoría de Laura Tato. Un froito editorial que acompañaba ás recreacións que deles levan a facer polo país adiante os actores Quico Cadaval, Celso F. Sanmartín y José Luis Gutiérrez ‘Guti’. Obra que esgotou existencias case de inmediato e que xa constitúe unha rareza.

Malia el, “Joselín” foi un espello do país. Sendo como era José Rodríguez de Vicente de orixes urbanas e actor profesional, fixo do seu personaxe un referente do labrego que se abraía por todo. Galeguista en tanto que empregaba a lingua galega como a única vehicular, nos seus anos primeiros espertou, loxicamente, a admiración de moitos membros das Irmandades da Fala malia o camiño que despois colleu.

*O personaxe
creado por “Joselín”
non viña
cuestionar o status
quo agrario galego*



Á esquerda:
José Rodríguez de
Vicente, “Joselín”
(1895-1958). Á derei-
ta: “O Xestal”
(1933-1993).

Monólogos de antano

Humoristas de noso e identidade

JOAQUIM VENTURA

Era ese labrego “Joselín” un personaxe falso á man- tenta, que no fondo non puña en cuestión o status quo agrario galego. Evidentemente, en tanto que profesional, Rodríguez de Vicente debíase ao público que pagaba unha entrada de teatro ou mercaba un disco alén

mar. As burguesías galegas locais – persoas de orde as máis das veces – pouco humor consumían e de facelo, era humor ‘branco’ e en castelán.

Herdeiro, dalgún xeito, de “Joselín”, xa nos anos sesenta Carlos Díaz Gestal, “O Xestal” de nome artístico, fixo dos seus monólogos en galego unha importante vía de recoñecemento grazas aos seus discos principalmente (*Cuentos gallegos*, *Autropofagos*, *Viva Galicia...*). “O Xestal” reproducía o arquetipo do labrego escéptico de fala pouco coidada, “acastapante” cabería dicir. Claro está que daquela –aínda que o franquismo fose serodio, conservaba o seu ADN autoritario e monolingüe– non estaba o forno para máis bolos: empregar a lingua galega en rexistro culto para humor popular era impensable.

Por uns e por outros.

Iso foi posible cando coa democracia chegou a dignidade para a lingua do país. Nótase se escoitamos as súas producións de 1980 en adiante, xa con editoras que poderíamos considerar galeguistas, como Ruada (*Contos que van para a feira, Unha vella cuscuvieira*).

Cando anos despois chegou a televisión galega, esta non podía ser allea ao fenómeno humorístico de noso. E nel cabe salientar o labor d’Os Tonechos, dúo formado por Roberto Vilar (‘Tonecho’) e Víctor Fábregas (‘Tucho’). Foron coñecidos especialmente a partir de 2002, cando se incorporaron a *Luar*, programa estrela da TVG, ata 2009. Os Tonechos collían o relevo dos anteriores co medio hexemónico do momento, a televisión, como o foron o teatro (e a deriva discográfica) para ‘Joselín’ e os discos e os cassetes para ‘O Xestal’.

ARTE: XAQUÍN CHAVES E A
MOSTRA *TRAVELLING* / PÁX. III

ENTREVISTA CO ESCRITOR
ANTONIO GARCÍA TEIXEIRO / PÁX. V

MÚSICA: SEMPRE EN SKACHA!,
STREEPUNK DE NOSO / PÁX. VIII